

ENTREVISTA | FÉLIX VILLARES MOUTEIRA
CHANCELER DA CURIA DA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

«Ferrol ten a día de hoxe un lugar moi relevante dentro da nosa Igrexa»

Coengo catedralicio e experto en poesía galega, como responsable de Patrimonio da Diocese subliña a importancia do legado do Cristianismo para a cultura do país

Ramón Loureiro

FERROL | Pouca xente hai que coñeza tan ben a Galicia do Norte, a que se corresponde co territorio da Diocese que ten as súas capitais en Ferrol e Mondoñedo, como Félix Villares Mouteira. Coengo catedralicio e profesor do seminario, tras longos anos como vicario xeral hoxe desempeña, entre outras responsabilidades, as de chanceler da Curia e delegado de Patrimonio da Diocese. A súa xornada é, cada día, un verdadeiro reto ao esgotamento. Ademais de atender as súas obrigas no cabido da catedral e á formación das seminaristas, ocúpase persoalmente da súa parroquia natal, no corazón da Terra Chá, San Martiño de Belesar, e tamén da de Distriz, e atende os seus despachos na Domus ferrolá e no Pazo Episcopal mindoniense.

—¿De onde saca o tempo...?

—O tempo sácase de aproveitalo ao máximo. Porque ademais do que fago en Ferrol e en Mondoñedo, tamén despois de noite fago outras cousas na casa, como os traballos dos meus libros ou tarefas administrativas como as que conleva a redacción de todo tipo de documentación para as parroquias.



Villares, na Domus, cos manuscritos do poeta Crecente Vega | JOSÉ PARDO

—Ferrol comparte a capitalidade da Diocese con Mondoñedo desde o ano 1959.

—Exactamente desde o día 9 de marzo dese ano, que foi cando o beato Xoán XXIII, mediante

unha bula papal, estableceu a dobre capitalidade da Diocese, concedéndolle tamén á Igrexa de San Xiao o título de concatedral. O ano que vén cumprese o cincuentenario.

—¿E hai algunha celebración prevista?

—Aínda non, pero habería que poñerse a programala xa. Aínda que case nos queda un ano por diante, sería conveniente empezar a traballar niso. Eu creo que tería que haber celebracións relixiosas, por suposto, pero tamén actos de tipo cultural. E non só en Ferrol, senón tamén en Mondoñedo. Sería importante aproveitar a ocasión, en certa maneira igual que se fixo co Ano de San Rosendo, para coñecer mellor as nosas raíces, e para profundizar nelas. Ferrol ten a día de hoxe un lugar moi relevante dentro da nosa Igrexa galega. E esta será tamén unha moi boa ocasión para recordar a importancia que o legado da fe, do Cristianismo, ten dentro da cultura do noso país. Pensemos non só no legado material, como é o caso da arquitectura, a arte e a documentación, senón tamén no legado inmaterial, do que forma parte a tradición, o que nos chega a través da xente e do tempo.

—¿E a sociedade galega de hoxe é consciente diso?

—De todo hai, pero a miúdo dá a impresión de que nos estamos a esquecer desas raíces.

«Espero que non se produzan máis roubos de campás»

Como máximo responsable diocesano de Patrimonio, Félix Villares mira con especial preocupación lacras como os roubos nos templos, que agora afectan xa ata ás campás.

—¿Que se pode facer, realmente?

—En primeiro lugar, incrementar a vixilancia. Pero tamén chamar á colaboración cidadá, para que se a xente ve algo extraño ao pé dunha igrexa ou

de calquera capela, o poña en coñecemento das autoridades canto antes. A nosa Diocese ten 424 parroquias. E na maioría, ademais dun templo principal, están todos os demais, como as capelas e as ermidas, ademais das dos mosteiros. Vixilar, nestas circunstancias, é responsabilidade de todos. Espero que non se produzan máis roubos de campás. ¡E por suposto que tampouco desapa-

rezan imaxes...! Por sorte, como hoxe xa están casi todas as imaxes catalogadas e inventariadas, coas súas correspondentes fotografías, non é tan doado coma antes vendelas despois de roubalas. Pero o dos roubos das campás é un fenómeno novo en Galicia. É moi alarmante.

—A idade media de clero na Diocese é cada vez maior...

—Iso é así, e produce situacións cada vez máis difíciles.

Hai sacerdotes que atenden ata unha ducia de parroquias. Sete ou oito, en moitos lugares, xa case é o normal... ¡Pero eu espero que o Espírito Santo siga alentando e que haxa unha recuperación das vocacións á vida consagrada!

—¿Cantos quilómetros conduce vostede á semana?

—Déixame botar contas. Pois mira, máis de mil quilómetros de coche cada semana.

La revista cultural «Columba» rinde homenaje a la memoria de Bonifacio Borreiros

La Voz

FERROL | La revista cultural *Columba*, editada en Covas por la asociación del mismo nombre que preside José López hermidá, acaba de sacar a la luz su octavo número, cuya presentación oficial se llevará a cabo el próximo día 12, a las 19.30 horas. Será en el transcurso de un acto que tendrá por escenario la cooperativa de Covas, Esmelle y Marmancón.

En esta ocasión, la revista, cuyo ámbito abarca desde los estudios históricos y la etnografía hasta la literatura, rinde un emotivo homenaje a la memoria de Bonifacio Borreiros. La redacción de *Columba* señala, a este respecto, que Borreiros, en todos cuantos cargos públicos desempeñó, «estuvo siempre en la brecha de atención, principalmente para todo lo relacionado con el desarrollo social y cultural». Y apunta, además, que «todas las asociaciones de distinto signo tienen un reconocimiento de sus ayudas y prestaciones, que con todos sus esfuerzos y quehaceres procuraba resolver sin objeciones ni obstáculos».

Contenidos

En este número, la revista cuenta con la colaboración de autores como Henrique Dacosta, Mario Valdivieso, Luis Torella, Rosa Méndez Fonte, Paulino Gasalla, Mucha del Río, Antón Varela, Victoria Rodríguez o José María Carballeira. Y publica trabajos entre los que se encuentran estudios de cuestiones como los vínculos de la poesía de Pérez Parallé con la parroquia de Covas, la Materia de Bretaña, los orígenes de la Carretera de Covas, las trampas utilizadas antaño por los pescadores, los bosques de la comarca, los carros del país o la gaita de foles mirandesa. La revista cuenta en este nuevo número, además, con numerosas ilustraciones.

La Cruz Roja celebró ayer su tradicional Fiesta de la Banderita

La Voz

FERROL | Las calles de Ferrol se llenaron ayer de voluntarios, mesas y huchas de la Cruz Roja con motivo de la celebración del Día de la Banderita, una fiesta que se celebra desde finales del siglo XIX. Los fondos recaudados se destinarán a financiar los proyectos solidarios que desarrolla la oenegé.



La oenegé instaló una mesa en la céntrica calle Real | CÉSAR TOIMIL

La Asociación de Lucha contra el Cáncer recaudó 6.000 euros en el concierto benéfico del Jofre

La Voz

FERROL | «Fue un gran éxito». Con estas palabras resumía ayer Isabel Caamaño, responsable de la Asociación de Lucha contra el Cáncer en Ferrol, la gala benéfica organizada el viernes pasado en el Jofre con el objetivo de recaudar fondos para los proyectos de la enti-

dad. A falta todavía de hacer las cuentas, Caamaño estima que en el concierto —que corrió a cargo del grupo La Castañore—, se recaudaron casi 6.000 euros.

La responsable de la asociación agradeció al pueblo de Ferrol su «solidaridad» con los enfermos de cáncer.